

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA REGULAR AS CONDICIÓNS DA AXUDA DESTINADA AO DESPREGAMENTO DUNHA INFRAESTRUTURA BASEADA EN TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS DA INFORMACIÓN QUE PERMITA IMPULSAR A I+D+I EN GALICIA, SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO EIXO REACT UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, COMO PARTE DA RESPOSTA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten previsto formalizar coa Fundación Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangade a súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2021 e se teñan rematado o 30 de abril de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións da axuda de GAIN a favor da Fundación CESGA para o despregamento dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información que permita impulsar a I+D+i en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1) A Fundación CESGA, de conformidade co artigo 6 dos seus estatutos, ten como misión contribuír ao avance do coñecemento científico-técnico mediante a investigación e a aplicación das comunicacións e a computación de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información, en colaboración con outras institucións con miras a xerar beneficios e vantaxes para a sociedade. En xeral, son fins da Fundación CESGA todos aqueles que promovan a investigación e o uso do cálculo intensivo, as comunicacións avanzadas e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións, como instrumento para o desenvolvemento económico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados e o sector produtivo.



O CESGA forma parte da Rede Española de Supercomputación (RES) do Mapa de Infraestruturas Científicas e Técnicas Singulares (ICTS). Na RES están integradas todas as infraestruturas notables da área de computación de altas prestacións.

2) A RIS3 fixa como unha das súas dez grandes prioridades o impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual, que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs). Esta prioridade persegue o impulso e consolidación de sectores tecnolóxicos transversais, baseados nas TIC ou TFE, potenciando unha transformación para aumentar a súa actividade económica de forma que Galicia asente unhas bases sólidas na senda da economía do coñecemento.

3) A Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, contempla no orzamento de gastos de GAIN unha subvención nominativa coa seguinte explicación do gasto “*TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS*” por importe de 15.000.000,00€. Estes fondos teñen o seu orixe nos Fondos REACT-UE previstos no Regulamento (UE) 2020/2021 do *Parlamento Europeo e do Consello*, do 23 de decembro de 2020 (DOUE do 28 de decembro de 2020), e son recursos adicionais aos *Fondos Estructurais* para 2021, 2022 e 2023 procedentes do Instrumento de Recuperación da Unión Europea establecido no *Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello* para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19..

En atención ao anterior, e respecto das accións xa dispoñibles no eido do apoio ao FEDER, permítese a utilización dos recursos REACT-UE principalmente para investimentos que contribúan á transición cara a unha economía dixital e verde, entre outros.

4) O investimento previsto no convenio implica a realización nos exercicios 2021, 2022 e 2023 de actuacións destinadas a creación de infraestruturas de tecnolóxicas cuánticas da información e ao desenvolvemento de proxectos asociados ás mesmas para apoiar a transición dixital dos sectores produtivos e de coñecemento galegos.

Os resultados que se pretenden conseguir con esta actuación son:

- Despregar as infraestruturas mínimas necesarias para a creación do Polo de I+D+i en tecnoloxías cuánticas da información, combinando varias delas e dando como resultado o posicionamento de Galicia nunha situación de liderado nunha tecnoloxía disruptiva.
- Posicionar ao tecido de investigación, tecnolóxico e produtivo de Galicia na vangarda dunha tecnoloxía innovadora e de gran futuro, o que facilitará o acceso a novos proxectos nacionais e internacionais punteiros.



- Facilitar unha mellor recuperación da crise conseguindo un efecto duradeiro na transición dixital e na competitividade das empresas da rexión e o mantemento do emprego de alta cualificación.
- Apoiar a transición dixital dos sectores produtivos e de coñecemento galegos e en concreto servir de panca ás estratexias con compoñentes dixitais que xa están implementadas, que demandan unha evolución tecnolóxica.

5) As actividades do presente convenio teñen un custo estimado de 11.600.000,00 €, que serán financiadas por GAIN con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.743.05, código proxecto 2021 00009, dos seus orzamentos para os anos 2021, 2022 e 2023 de acordo coa distribución que se indica:

	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Total
<b>Orzamento total</b>	47.460,00€	4.440.723,00€	7.102.721,00€	11.590.904,00€
<b>Axuda GAIN</b>	47.460,00€	4.440.723,00€	7.102.721,00€	11.590.904,00€
<b>% Axuda</b>	100%			

As achegas previstas neste convenio están financiadas ao 100% con Feder no marco OE 20.1.2 do Eixo REACT UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID19.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2014/ C 198/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que outórganse a un organismo de investigación para actividades non económicas. En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

6) Conforme ao establecido no Título I - Capítulo III: Do procedemento de concesión directa, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título II - Capítulo II: Procedemento de concesión directa, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

As actuacións previstas no marco do convenio abarcan as anualidades 2021 a 2023 e, tal e como se indica anteriormente, a citada subvención nominativa refírese á anualidade 2021; para dar cobertura ás actuacións e financiamento das anualidades 2022 e 2023 considérase que a figura máis axeitada é a do convenio de concesión directa ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 19.4.c) da Lei de



subvencións de Galicia baseada, no caso concreto, na existencia de razóns de interese público que dificultan a convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data que se indica na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

